

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A ADQUISICIÓN DE TERREO COA FINALIDADE DA CREACIÓN DUNHA PISTA DE ATLETISMO, PISTA DE TIRO CON ARCO E ESPAZO DE USOS MÚLTIPLES

Santiago de Compostela,

Reunidos

Por unha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Pola outra, D^a. M^a Nava Castro Domínguez, alcaldesa do **Concello de Ponteareas**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector,



executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a *"información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local"*.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18ª da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e a execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a súa oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

No exercicio das súas funcións, executa as medidas definidas para a promoción e o fomento do sector turístico de Galicia, leva a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



Co obxecto de promover o turismo no concello, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común. Todo isto, englóbase ademais no eido competencial da Axencia de Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- O Concello de Ponteareas manifestou a necesidade extraordinaria de asistencia por parte da Xunta de Galicia no seu interese de contar cunha pista de atletismo, unha pista de tiro con arco e un espazo interdisciplinar, un investimento estratéxico cun impacto significativo e positivo en múltiples ámbitos: mellora da saúde pública, enriquecemento da contorna educativa, dinamización da economía local, fortalecemento do tecido social e mellora a infraestrutura da comunidade. Este proxecto non só beneficia á xeración actual, senón que tamén deixa un legado valioso para futuras xeracións, consolidando un espazo para o desenvolvemento integral das persoas.

O Concello está interesado en adquirir o terreo situado no lugar das Rabadeiras, na parroquia de Fontenla con referencia catastral nº 36042A051000480000DD e cunha extensión de terreo de 11.037 m², coa finalidade da creación dunha pista de atletismo de 200m en forma ovalada con instalacións de salto de altura, martelo e pista recta de velocidade, que ademais albergará unha pista de tiro con arco e unha infraestrutura de usos múltiples onde se practicará tiro con arco interior combinado co ximnasio para a instalación, así coma os vestiarios acordes as instalacións.

A parcela atópase catalogada no Plan Urbanístico actualmente en vigor no municipio, xunto con outras, coma solo destinado a "Equipamento Público de Sistema Xeral con uso deportivo", e clasificación do solo como solo rústico, categoría "Solo rústico de Protección Forestal".

A parcela posúe uns douscentos cincuenta metro lineais de fronte á vía pública, con forma case rectangular e sensiblemente plana, e atópase situada antes da rotonda prevista no cruce da vía de comunicación entre a A-52 e CN-120 e a estrada de Guillade.

Está en proceso de modificación urbanística, tendo pasado xa a aprobación inicial para a transformación de solo rústico en solo urbano.



Polo tanto, as actuacións que se pretenden realizar na parcela coa referencia catastral 36042A051000480000DD cumpren cos requisitos da lexislación vixente en materia urbanística.

A adquisición desta parcela para a creación da dita infraestrutura levará aparellado unha serie de beneficios:

- **Fomento do deporte e saúde física e promoción dun estilo de vida saudable**

A construción dunha pista de atletismo, brinda á comunidade un espazo seguro para realizar actividades físicas, o que contribúe a previr o sedentarismo e reduce os índices de obesidade, enfermidades cardiovasculares e outros problemas de saúde.

- **Beneficios educativos**

Un complexo coma este serve como recurso esencial para as escolas locais, xa que facilita a práctica dos deportes e actividades físicas dentro dos programas educativos. Isto non só mellora a calidade educativa, tamén promove valores como disciplina, o esforzo e o traballo en equipo.

- **Impacto económico positivo na vila**

A presenza dun complexo deportivo de calidade pode atraer eventos deportivos, competicións e torneos, tanto de atletismo como con tiro con arco, o que incrementa a afluencia de visitantes na vila. Isto, á súa vez, impulsa a economía local, beneficiando a nosa hostalería e comercio. Ademais a construción, mantemento e xestión do complexo, crean oportunidades de emprego, tanto directa como indirectamente (persoal de mantemento, limpeza, adestradores, etc..)

- **Desenvolvemento de infraestrutura deportiva pública**

Este proxecto contribúe ao desenvolvemento da infraestrutura pública e engade valor aos terreos e propiedades que se atopan o seu arredor, mellorando a imaxe e o atractivo da contorna. Un complexo deportivo é unha inversión que enriquece a oferta de servizos e instalacións públicas.



Cuarto.- Que este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Ponteareas de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Ponteareas.

Concorren así razóns de interese público que xustifican ou outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao ser o concello beneficiario a única entidade que pode desenvolver a actuación subvencionada co fin de que esta entidade local poida mellorar as infraestruturas vinculadas á prestación dos servizos municipais e, xa que logo, recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.



Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ponteareas para a adquisición por parte do Concello do terreo con referencia catastral 36042A051000480000DD, cunha superficie de 11.037 m² sito no lugar das Rabadeiras, da parroquia de Fontenla, cun prezo de adquisición de 300.000,00 €.

Segunda.- Compromisos das partes.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Ponteareas:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Tramitar o expediente de adquisición do inmovible conforme á normativa de aplicación á adquisición de bens inmoables polas entidades locais; será o concello o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar.
5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sétima deste convenio.



- c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
6. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos dende o acordo resolutorio que poña fin ao procedemento de afectación expresa, procedendo ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento.
7. Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
8. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
9. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



10. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
11. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula terceira

Terceira.- Obrigas de financiamento da Axencia de Turismo de Galicia.

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 300.000,00 €. A Axencia de Turismo de Galicia realizará unha achega por importe máximo de **300.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cuarta. - Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro de 2024**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Quinta.- Compatibilidade



A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sexta.- Xustificación de fondos e pagamento

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Ponteareas deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do procedemento PR004A, da seguinte documentación:
 - a) Documentación acreditativa da inscrición ou, no seu caso, solicitude de inscrición do inmovible no Rexistro da Propiedade.
 - b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, en que se faga constar:
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias



e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

c) Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou pola secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:

- O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas e, no caso de obras, das correspondentes certificacións de obra, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- O acordo adoptado polo Pleno do concello polo que se inicia o procedemento de afectación expresa (art. 8 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais) da parcela ao fin concreto para o que se concede a subvención: desenvolvemento de actividades culturais, de lecer e ocio ao aire libre.
- Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á adquisición do inmovble subvencionado.
- Que, segundo informe da secretaría do concello, para a adquisición da parcela se cumpriu a normativa de aplicación á adquisición de bens inmoables polas entidades locais.

2. En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar ademais os soportes nos que se fixo constar que a actuación conta con financiamento da Xunta de Galicia.
3. Os órganos concedentes da subvención poderán solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
4. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o **20 de decembro de 2024**.
5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei



de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.
7. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. No caso de que o concello non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Sétima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.



b) Incumplimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Oitava.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Novena.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo concello e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo



de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, o Concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa prevista nas leis.



Décimo segunda.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.



Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo cuarta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo quinta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento no lugar arriba indicado.

Pola Axencia de Turismo de Galicia
O director

Polo Concello de Ponteareas
A alcaldesa

José Manuel Merelles Remy

M^a Nava Castro Domínguez

